

CRITERIOS DE AVALIACIÓN E DE PROMOCIÓN 3ºEP

MÍNIMOS ESIXIBLES

LINGUAS

- ◆ Recoñecer sinónimos e antónimos.
- ◆ Identificar aumentativos e diminutivos.
- ◆ Recoñecer palabras que forman parte dunha familia de palabras e dun campo semántico determinados.
- ◆ Ordenar palabras alfabéticamente
- ◆ Identificar nomes propios, comúns, individuais e colectivos.
- ◆ Empregar adxectivos.
- ◆ Utilizar determinantes, artigos e demostrativos.
- ◆ Empregar pronomes pessoais.
- ◆ Usar formas verbais e recoñecer os tempos (pasado, presente, futuro)
- ◆ Distinguir o suxeito e o predicado dunha oración.
- ◆ Empregar signos de puntuación na escritura de textos.
 - ◆ Escribir coa corrección ortográfica básica e propia da súa idade.
- ◆ Clasificar palabras en agudas, graves e esdrúxulas.
- ◆ Ler un texto de maneira fluida e interpretar o sentido global do mesmo identificando a súa información máis relevante.
 - ◆ Manter unha conversa con sentido e adecuada a súa idade.
- ◆ Describir un obxecto, animal ou persoa.
- ◆ Escribir con boa caligrafía.
- ◆ Aumentar o vocabulario.

MATEMÁTICAS

- ◆ Identificar e nomear números de cinco cifras.
- ◆ Comprender o enunciado dun problema identificando a pregunta e recoñecendo os datos necesarios para resolvelo.
 - ◆ Resolver un problema escribindo correctamente a solución e comprobando o resultado.
- ◆ Interpretar os datos dun problema e resolvelo utilizando dúas operacións.
- ◆ Calcular sumas de tres números de ata cinco cifras con levadas.
- ◆ Calcular restas con levadas de números de ata cinco cifras e comprobalas mediante a proba.
- ◆ Calcular multiplicacións por dúas cifras con levadas.
- ◆ Memorizar e aprender as tablas de multiplicar.
- ◆ Identificar e empregar os conceptos de dobre e triple
- ◆ Calcular divisións con divisor de una cifra e comprobalas mediante a proba.
 - ◆ Coñecer e empregar o metro como unidade principal de lonxitude.
- ◆ Coñecer e empregar diferentes medidas de lonxitude (m, km)
- ◆ Coñecer e empregar o litro, medio litro e cuarto litro, como medidas de capacidade.
- ◆ Coñecer e empregar o kg, medios e cuartos.
- ◆ Coñecer e interpretar as horas e os minutos dun reloxo.
- ◆ Recoñecer e empregar monedas e billetes de euro para realizar compras.

CIENCIAS DA NATUREZA

- ◆ Coñecer a función da vista e o oído para relacionarse co medio.
- ◆ Coñecer a función do gusto, tacto o olfacto para relacionarse co medio.
- ◆ Distinguir seres vivos de seres inertes.
- ◆ Coñecer as funcións vitais dos seres vivos.
- ◆ Clasifica os seres vivos.

- ◆ Establecer grupos de animais segundo a súa alimentación.
- ◆ Comprender el proceso de nutrición das plantas.
- ◆ Clasificar en grupos aos animais vertebrados e invertebrados.
- ◆ Recoñecer as características básicas dos animais vertebrados e invertebrados.
- ◆ Diferenciar as partes dunha planta e clasificalas segundo o seu talo.
- ◆ Coñecer as partes dunha flor e o seu su proceso de transformación en fruto.
- ◆ Coñecer algunhas características do planeta Terra.
- ◆ Identificar os movementos da Terra e as súas consecuencias.

CIENCIAS SOCIAIS

- ◆ Coñecer que é o tempo atmosférico e as súas características.
- ◆ Distinguir as formas nas que podemos atopar agua na natureza.
- ◆ Coñecer o ciclo da agua.
- ◆ Distinguir os diferentes estados da auga e coñecer os cambios de estado.
- ◆ Recoñecer os elementos dunha paisaxe.
- ◆ Reconocer as principais características de cidades e pobos.
- ◆ Diferenciar os principais tipos de agricultura, gandaría, pesca e minería.
- ◆ Identificar medios de transporte a partir de diferentes criterios de clasificación.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Os criterios de cualificación paa os alumnos/as de terceiro nivel son os seguintes:

Lingua castelá, lingua galega, matemáticas, ciencias naturais e ciencias sociais

Comprensión de conceptos e grado de adquisición das competencias básicas a través de probas orais e escritas 60%
Constancia no traballo de aula 10%
Exercicios e tarefas de deberes 10%
Presentación de cadernos e dos traballos con boa caligrafía, limpos e ordenados 10%
Colaboración cos compañeiros/as, respecto ás normas e provisión de material 10%

Plástica e Valores cívicos e sociais

Traballos de aula, participación 60%
Interese e actitude 20%
Constancia no traballo 20%

OBSERVACIÓNS:

A partir do segundo trimestre, na cualificación de textos escritos e controis realizados polo alumnado en todas as áreas, considerarase a caligrafía e descontarase 0,05 por falta de ortografía. Non se admiten faltas, nin acentos erróneos en texto copiado ou en palabras de uso habitual. Enténdese que isto corresponde á ortografía do curso correspondente e dos cursos anteriores. Corrixiranse o resto de faltas, sen aplicar ningún desconto.

PROMOCIÓN

O alumno ou alumna accederá ao curso seguinte sempre que se considere que logrou os obxectivos que correspondan a este curso, e que alcanzou o grao de adquisición das competencias correspondentes.

De non ser así, poderá repetir (unha soa vez durante a etapa), cun plan específico de reforzo ou recuperación e apoio.

A repetición considerarase unha medida de carácter excepcional e tomarase tras esgotar o resto das medidas ordinarias de reforzo e apoio.

O equipo docente adoptará as decisións correspondentes sobre a promoción do alumnado, atendendo aos resultados das avaliacións individualizadas, e tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor.

Establécense, ademais, os seguintes criterios de promoción de curso.

O alumno ou alumna non promocionará se:

- Non acada os mínimos nas dúas linguas oficiais.
- Non acada os mínimos en matemáticas e nunha das linguas oficiais.
- Non acada os mínimos en tres áreas.